



ASOCIACIÓN VIEIRO

NON PASA NADA ¿PASA ALGO?

Curso prevención alumnado con idades entre 12 e 18 anos

- 1.- Presentación e xustificación.
- 2.- Obxectivos.
- 3.- Poboación destinataria.
- 4.- Metodoloxía
- 5.- Contidos
- 6.- Lugar de celebración
- 7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

O desenvolvemento deste curso xustifícase polas necesidades detectadas respecto aos patróns de consumo de drogas observados na poboación xuvenil.

Segundo os datos recollidos polo Observatorio de Galicia sobre Drogas, na nosa comunidade, a meirande parte dos adolescentes iníciase no consumo de sustancias psicoactivas entre os 14 e os 16 anos, no caso do alcohol e o tabaco, e entre os 15 e 17 anos no do cannabis e a cocaína.

A existencia de consumo de drogas entre o alumnado supón unha preocupación para o profesorado debido as disrupcións que provocan na aula. Por iso, a comunidade educativa demanda a posta en marcha de actuacións conxuntas entre os centros educativos e profesionais externos co fin de mellorar a situación e que abranguen aspectos legislativos, educativos, preventivos e asistenciais. Para dar resposta a esta necesidade a Asociación Vieiro conta cun programa de prevención selectiva destinado ao alumnado da ESO en situación de risco denominado “Non pasa nada, ¿pasa algo?”.

2.- OBXECTIVOS

A finalidade do curso é evitar o desenvolvemento e consolidación de consumos problemáticos de drogas, reducir a incidencia dos diversos problemas sociosanitarios relacionados co consumo e/ou abuso de drogas e promover a adopción de estilos de vida saudables entre os adolescentes que están vinculados ao sistema educativo.

Os obxectivos xerais do programa son os seguintes:

- Reducir os consumos experimentais de cannabis e outras drogas ilegais entre os beneficiarios do programa.
- Reducir a porcentaxe de consumidores habituais (consumo diario de alcohol e tabaco e nos últimos 30 días para as restantes drogas).
- Reducir o consumo abusivo de alcohol.



ASOCIACIÓN VIEIRO

- Fortalecer a integración do alumnado con condutas de risco no sistema educativo.
- Reducir a presenza de condutas disruptivas nas aulas relacionadas co consumo de drogas por parte do alumnado.

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria do curso é o alumnado con idades comprendidas entre os 12 e 18 anos.

4.- METODOLOXÍA

O curso inclúe a realización de sesións conxuntas con profesores e pais para a análise dos problemas existentes nos centros escolares relacionado co consumo de drogas.

Estas sesións de análise complementáanse con obradoiros dirixidos aos adolescentes escolarizados nas aulas onde se detectaron problemas relacionados co consumo de drogas.

5.- CONTIDOS

1. Conceptos básicos sobre drogodependencias
2. Efectos do consumo de drogas e a súas consecuencias sobre a saúde e o benestar da persoa.
3. Mitos e crenzas.
4. Habilidades de afrontamento.



ASOCIACIÓN VIEIRO

6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

Institutos de Educación Secundaria

7.- DURACIÓN

Sesións de 1h e media de duración

*en función de casa caso establecerase 1 sesión ou máis